

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP AMOR RUIBAL
MATERIA: GLOBALIZADA
CURSO: 4º EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 04-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none">Achegarse á escrita a través de actividades co seu nome.	<ul style="list-style-type: none">Recoñece de xeito escrito as letras do seu nome.Copia as letras do seu nome.
<ul style="list-style-type: none">Afianzar a cadea numérica do 1 ao 10.	<ul style="list-style-type: none">Relaciona o número coa cantidade.Conta elementos e asocia o número.
<ul style="list-style-type: none">Desenvolver a comprensión oral e o gusto pola tradición a través dos contos.	<ul style="list-style-type: none">Desfruta da escoita de contos.Realiza debuxos sobre os contos propostos.
<ul style="list-style-type: none">Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	<ul style="list-style-type: none">Fai expresións plásticas creativas.Fai uso do debuxo como elemento comunicativo.Mostra ledicia ante as diferentes propostas musicais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<ul style="list-style-type: none">▪ Procedementos:▪ Análise das producións presentadas a través de correo, Aula Virtual.
	<ul style="list-style-type: none">▪ Instrumentos:▪ Rexistro de observación tendo en conta o proceso de consecución: -en proceso, -con dificultade, -sen dificultade.▪ Recollida de datos a través das familias para ver o nivel de autonomía e posibles dificultades na elaboración das propostas da aula virtual.▪
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none">▪ O proceso de aprendizaxe da educación infantil ten que ver co nivel madurativo de cada alumno.▪ Teranse en conta as avaliaciós 1ª, 2ª e o carácter evolutivo desta etapa.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Organización das actividades por recantos temáticos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Recanto do Proxecto “O Meu Corpo” Actividades para o recoñecemento do seu corpo (vídeos, cancións, debuxos...)• Recanto das Rutinas da aula Actividades da Asamblea (Días da Semana, Tempo...)• Recanto dos Contos e os Cantos. Propostas auditivas e visuais de contos coa realización dunha produción plástica relacionada co conto ou a canción.• Recanto de Xogamos cos Números Actividades tipo como: xogos de relacionar número con cantidade, repasar figuras xeométricas, propostas manipulativas con pinzas, botóns...• Recanto de Xogamos coas Letras Actividades tipo :para reforzar a grafomotricidade (trazos,circuitos,...) Xogos co seu nome, abecedarios de tapóns,...• Recanto de Somos Artistas Propostas artísticas inspiradas en diferentes pintores. Propostas de actividades plásticas.• Recanto da Profe Sara Actividades propostas pola mestra de Audición e Linguaxe.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Traballo a través da Aula Virtual e correo electrónico.</u>
Materiais e recursos	<u>Aula Virtual.</u>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Mensaxería Aula Virtual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.